


9

QUE CANTE "LIEDERS!"

UNHA ALIANZA PROMETEDORA

COMPROMISO PERENNE COA  
LINGUA DE GALIZASOAN TAMBORES  
DE GUERRA

# QUE CANTE "LIEDERS!"


En 1856 instálase en Madrid, onde inicia formalmente o seu noviado con Manuel Murguía. Rosalía de Castro relacionase con destacadas personalidades do panorama cultural: Eduardo e Alejandro Chao, Joaquín e Serafín Avendaño, Julio Nombela, Gustavo Adolfo Bécquer...

A esta etapa pertence o poemario *La Flor* (1857) e mais o breve ensaio "Lieders" (1858), publicado en *El Álbum del Miño* (Vigo). Este texto resulta ser unha revolucionaria declaración de intencions estéticas e ideolóxicas, con validez para a integridade da súa producción.

Primeira plana de *El Álbum del Miño* (Vigo)

Xamais dominou na miña alma a esperanza da gloria, nin soñei nunca con louriceiros que oprimisen a miña fronte. Só cantos de independencia e liberdade balbuciren os meus beixos, áunha que de arredor tivese sentido, desde o berce, xa, o ruído das cadeas que debían aprisionarme para sempre, porque o patrimonio da muller son os griletes da escravitude.

Fragmento de "Lieders" (1858)




Eduardo Chao (1821-1887),  
quen segundo algunas  
versións foi o mediador que  
posibilitou Rosalía e Murguía  
coñécerense




Gustavo Adolfo Bécquer (1836-1870),  
cuxa obra comparte importantes  
trazos coa de Rosalía



Julio Nombela (1836-1919),  
prototipo do infatigábel  
escritor de oficio da segunda  
metade do século XIX



La Flor (1857)



MADRID:—1857.  
Imprenta à cargo de M. González, calle de Silva, n.º 37.

Rosalía de Castro



10

QUE CANTE "LIEDERS!"

UNHA ALIANZA PROMETEDORA

COMPROMISO PERENNE COA  
LINGUA DE GALIZASOAN TAMBORES  
DE GUERRA

# • UNHA ALIANZA PROMETEDORA



Retrato de Rosalía aos 21 anos,  
pouco tempo despois de  
contraer matrimonio.



Na capital española casa con Manuel Murguía, o 10 de outubro de 1858. O seu non foi un matrimonio convencional, xa que a recíproca admiración intelectual que se profesaban foi a nota dominante. A revisión e orientación dos seus traballos foi mutua, consolidándose unha das uniões más fecundas da nosa historia.

*Mais reflexionando no que che escribo vejo  
que son unha louca, e tes moiño que me  
perdoar. Tí xa sabes que cando estou doente  
pónome dun humor dos demais, óllo todo  
negro, e, engadindo a isto que non te vejo e  
mais as nosas circunstancias malditas, cen  
veces, cunha bñe como a miña, precisamente  
cando vai dirixida á persoa que máis se  
quere no mundo, e a única a quen se lle  
poden dicir estas cousas. Perdóame, pois, e  
sobre todo non me fagas caso. Moitas veces  
crin que ía morrer e ainda estou viva, e  
probablemente esta vez se Deus quixer, ha  
de suceder o mesmo*

Misiva de Rosalía ao seu esposo, Manuel Murguía




Manuel Murguía, na súa mocidade



Alexandra Martínez-Murguía  
de Castro (1859-1937),  
proximoxénita do casal  
á que seguirán seis  
fillos máis

Antes da novela Flavio (1861) saíra do prelo  
*La Hija del mar* (1859), obras en que son  
denunciados os ataques e limitacións a que  
eran sometidas as mulleres



Rosalía de Castro



# • COMPROMISO PERENNE COA LINGUA DE GALIZA

Rosalía de Castro será fiel á lingua de noso ao longo de toda o seu periplo vital. Determinada desde ben cedo a restituir o prestixio que lle fora usurpado, é a única escritora que utiliza o galego nas súas colaboracións no *Álbum de la caridad* (1862). A predilección que sempre manifestou polas terras de Ortoño e Padrón significa a alianza íntima coa nación, a asimilación da nosa cultura popular e mais a identificación plena coa lingua de Galiza.





Rosalía de Castro  
en 1883, aos  
46 anos de idade

Creerán algúns que, porque como digo tentei falar das cousas que se poden chamar homildes, é porque me exprico na nosa lengua. Né por eso. As multitudes dos nosos campes tardarán en ler estes versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa lengua, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os *Cantares gallegos* despertaron en algúns entusiastas.

Fragamento do prólogo de *Follas Novas* (1880).

"El cadiceño" (1865), publicado na primeira edición do *Almanaque de Galicia*. Este relato denuncia a situación dun idioma á deriva, o galego, cada vez máis empobrecido pola esmagadora presión do español.



12

QUE CANTE "LIEDERS"

UNHA ALIANZA PROMETEDORA


COMPROMISO PERENNE COA  
LINGUA DE GALIZASOAN TAMBORES  
DE GUERRA

# SOAN TAMBORES DE GUERRA


Imbuído do crecente espírito patriótico, *Cantares gallegos* (1863) convértese no primeiro libro integralmente escrito en galego no novo período. Esta obra consagra o movemento cultural do Rexurdimento e impulsa outras das creacións xeniais daquel século. En moitos dos seus versos estouren a protesta en contra da opresión a que Galiza foi sometida.

*Proba Galicia, non debes  
Chamarte nunca española,  
Que España de tí se olvida  
Cando eres jai! tan hermosa  
Cal si na infamia naceras,  
Torpe, de tí se avergonza  
Ia nai que un fillo despreza  
Nai sin corazón se nomra*

Fragmento de "A gaita gallega",  
en *Cantares gallegos* (1863),  
escrito como resposta aos  
versos de Ventura Ruiz Aguilera  
no seu poema "La gaita gallega".



*Cantares gallegos* (1863). A reedición desta obra prodúcese en 1872, a única de toda a producción rosaliana que a escritora testemuñará



Cecilia Böhl de Faber (1796-1877), escritora que empregaba o pseudónimo de Fernán Caballero. A ela dedica Rosalía os *Cantares gallegos* "por se ter afastado algún tanto, nas curtas páxinas en que se ocupou de Galiza, das vulgares preocupacións con que se pretende manchar o meu país".



O maltrato inflixido  
aos galegos na sega de  
Castela é duramente  
censurado en  
*Cantares gallegos*

Rosalía da Estrela